

## ANUNCIO ACTO FIN DE CAMPAÑA

Dende a Agrupación de Electores de Redondela comunicamos que o vindeiro venres día 20 de Maio, terá lugar o acto de fin de campaña electoral da Agrupación na Praza da Casa da Torre.

O acto, social e cultural, reunirá un ambiente de xogos populares no cal, tanto nenos como maiores poderán disfrutar de diferentes actividades lúdicas (carreiras de sacos, xogo da corda, a raniña...) así como a presenza de zancudos, xogos de maxia e música de foliada para dar tintes tradicionais ó acto.

En resumo, a tarde do venres festexaremos un acto lúdico-festivo a partir das 17:00 horas na que convidamos a participar a todos os veciños que se queiran acercar á praza e festexar con nós un acto popular, tradicional e con actividades diversas para celebrar o acto de peche de campaña.

Un saúdo.